



TRASLADO INTERIOR

Decreto : 2021/001133

Id.PI.: SE/tras_decre

GABINETE PRENSA 912 11000

O MONFORTE DE LEMOS
LUGO

Que o Sr. Alcalde - Presidente, con data do día 27 de agosto de 2021 ditou a seguinte resolución que se transcribe a continuación:

“

O Decreto de Alcaldía do 29 de xuño de 2020 aproba a apertura da Piscina Climatizada Municipal no seu horario de apertura habitual a partir do luns 13 de xullo dentro dun cronograma de actuacións previas de posta a punto das instalacións. Aproba tamén o deseño dun protocolo específico de uso da instalación adaptado ós novos requirimentos e necesidades derivados da crise sanitaria do COVID - 19.

O Decreto de Alcaldía do 13 de xullo de 2020 aproba o protocolo de uso da Piscina Climatizada Municipal a partir do luns 13 de xullo de 2020, deseñado tendo en conta a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do plan para a transición cara a unha nova normalidade, que regula, entre outras cousas, a apertura de piscinas, a actividade en instalacións deportivas así como as medidas de hixiene e prevención a levar a cabo.

A Xunta de Goberno Local celebrada o día 14 de setembro de 2020 acordou a modificación do protocolo de uso da Piscina Climatizada Municipal e Ximnasio para adaptalo á orde do 9 de setembro de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

O Decreto de Alcaldía do día 22 de outubro de 2020 aproba a modificación do protocolo de uso da Piscina Climatizada Municipal e Ximnasio para adaptalo á orde do 21 de outubro pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma e Galicia.

O Decreto de Alcaldía do día 22 de xaneiro de 2021 aproba a modificación do protocolo de uso da Piscina Climatizada Municipal e Ximnasio para adaptalo á orde do 19 de xaneiro de 2021 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

CSV: 07E50007BEB600T5U9Q4Y3S0



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007BEB600T5U9Q4Y3S0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 27/08/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/08/2021 15:58:29

DOCUMENTO: 20210507574
Fecha: 27/08/2021
Hora: 15:58





Tendo en conta a situación actual do Concello de Monforte e a evolución da pandemia do COVID – 19 é necesario modificar o PROTOCOLO DE USO DA PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL E XIMNASIO, para adaptalo á normativa vixente.

Con base no anteriormente exposto, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á modificación do PROTOCOLO DE USO DA PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL E XIMNASIO, quedando redactado como segue:

1-INTRODUCCIÓN:

O presente protocolo está deseñado tendo en conta a seguinte normativa:

- ORDE do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID – 19 na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 22 de xullo de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021, pola que se pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID – 19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifica a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID – 19.

O contido deste protocolo sufrirá tantas modificacións e adaptacións como ditén as autoridades sanitarias vista a evolución da pandemia do COVID-19.

PROTOCOLO DE USO DA PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL E XIMNASIO MOTIVADO POLA CRISE SANITARIA DO COVID – 19

1. A piscina climatizada municipal poderá ser utilizada tanto por abonados como por persoas que accedan ó centro adquirindo unha entrada puntual de día.
2. Para acceder ás instalacións non será necesario concertar cita previa pero sí será necesario respectar os aforos establecidos para cada un dos espazos.

CSV: 07E50007BEB600T5U9Q4Y3S0



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007BEB600T5U9Q4Y3S0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 27/08/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/08/2021 15:58:29

DOCUMENTO: 20210507574
Fecha: 27/08/2021
Hora: 15:58





3. Establecerase unha circulación obrigatoria no interior da instalación que terá que ser respectada por todas as persoas usuarias. Esta circulación estará indicada con sinais de dirección e cartelería.
4. Haberá xeles desinfectantes en diferentes puntos da instalación a disposición das persoas usuarias.
5. Colocaranse carteis coa normativa de uso dos diferentes espazos así como coas limitacións de aforo establecidas.
6. No interior da instalación é obrigatorio o uso de máscara conforme ao disposto no punto 1.4 do anexo 1 da orde do 25 de xuño de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.
7. É obrigatorio desinfectar as mans ó entrar na instalación facendo uso dos dispensadores de xel desinfectante que estarán a dispor das persoas usuarias.
8. Procurarase manter a distancia de seguridade de 1,5 metros co resto de persoas usuarias.
9. A actividade deportiva que se poderá realizar nas instalacións está suxeita aos seguintes criterios de uso:
 - A practica da actividade física e deportiva **non federada**, axustarase ás seguintes regras, en función da situación epidemiolóxica do Concello de Monforte e cada momento:
 - ✓ **Restrición máxima:** a práctica da actividade física e deportiva non federada só se poderá realizar ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre respectando as limitacións de grupos de persoas aplicables ao Concello de Monforte, e coa utilización de máscara de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo 1 da orde do 25 de xuño de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - ✓ **Restrición alta:** a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de **forma individual** ou colectiva, coa utilización de máscara de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo 1 da orde do 25 de xuño de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da

CSV: 07E50007BEB600T5U9Q4Y3S0





TRASLADO INTERIOR

Decreto : 2021/001133

Id.PI.: SE/tras_decre

situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. No caso da práctica de **forma colectiva**, os grupos deberán respectar as limitacións de grupos aplicables ao Concello de Monforte, sen contar, de ser o caso, o monitor.

Nas instalacións e centros deportivos pechados poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata seis persoas, sexan ou non conviventes, sen contar o monitor, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

- ✓ **Restrición media:** a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de **forma individual** ou colectiva, coa utilización de máscara de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo 1 da orde do 25 de xuño de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. No caso da práctica de **forma colectiva**, os grupos deberán respectar as limitacións de grupos aplicables ao Concello de Monforte, sen contar, de ser o caso, o monitor.

No caso da práctica da actividade física e deportiva non federada en instalacións e en centros deportivos pechados, poderase realizar en grupos de ata seis persoas, sexan ou non conviventes, sen contar o monitor, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o setenta e cinco por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

- ✓ **Restrición media - baixa:** a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de **forma individual** ou colectiva, coa utilización de máscara de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo 1 da orde do 25 de xuño de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. No caso da práctica de **forma colectiva**, recoméndase que os grupos non superen as quince persoas como máximo de forma simultánea, sexan ou non conviventes, sen contar, de ser o caso, o monitor.

No caso da práctica da actividade física e deportiva non federada en instalacións e en centros deportivos pechados, poderase realizar en grupos de ata seis persoas, sexan ou non conviventes, sen contar o monitor, coa utilización de máscara e sempre que non se

CSV: 07E50007BEB600T5U9Q4Y3S0



FIRMANTE - FECHA





supere o setenta e cinco por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade.

- A práctica da **actividade deportiva federada** de ámbito autonómico adestramentos e competicións, axustarase aos correspondentes protocolos Fisicovid-Dxtgalego aprobados.

NORMAS ESPECÍFICAS PARA USUARIOS/AS DAS PISCINAS:

- É obrigatorio respectar os aforos establecidos para cada un dos vasos.
- O acceso ó vaso grade realizarase, obrigatoriamente, pola marxe máis próxima á saída dos vestiarios. Do mesmo xeito a saída do vaso debera realizarse polo mesmo sitio, estando prohibido o acceso ou a saída do vaso por outra zona diferente á establecida.
- Será o/a socorrista a persoa que controlará que se cumpran os aforos establecidos en cada un dos espazos.
- Unha vez completo o aforo dalgún dos espazos o usuario non poderá acceder e terá que esperar á saída doutros usuarios/as.
- Non se permite a utilización do jacuzzi.
- Non se permite a utilización das saunas.
- Non se poderá utilizar o material destinado a cursos de natación nin doutra índole, dispoñible na instalación. No caso de precisar material de adestramento cada usuario deberá levar o seu propio.

NORMAS ESPECÍFICAS PARA USUARIOS/AS DO XIMNASIO:

- É obrigatorio respectar o aforo establecido para o ximnasio.
- Unha vez completo o aforo o/a usuario/a non poderá acceder ó ximnasio e terá que esperar á saída doutros usuarios/as.
- É obrigatorio limpar as mans con xel desinfectante antes de entrar ó ximnasio.
- É obrigatorio manter a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros, así como o uso de máscara en todo momento, incluído durante a práctica deportiva.
- É obrigatorio a desinfección do material compartido despois de cada uso. Para iso establecece un punto de desinfección onde os usuarios/as terán á súa disposición todo o necesario para levar a cabo a desinfección do material utilizado.
- É obrigatorio o uso de toalla.

NORMAS ESPECÍFICAS PARA USUARIOS/AS DOS VESTIARIOS:

- Está permitido o uso de vestiarios e duchas.

CSV: 07E50007BEB600T5U9Q4Y3S0





- É obrigatorio respectar o aforo establecido para os vestiarios.
- Unha vez completo o aforo o/a usuario/a non poderá acceder ó vestiario e terá que esperar á saída doutros usuarios/as.
- É obrigatorio o uso de mascara no interior dos vestiarios.
- No interior dos vestiarios só se poderán utilizar para mudarse as zonas marcadas.
- Non se poderán deixar bolsas, mochilas ou calquera outro tipo de material persoal nas perchas ou enriba dos bancos. Todo o material persoal haberá que depositalo nunha das taquillas habilitadas. Para iso cada usuario deberá levar o seu cadeado que permita deixar a taquilla pechada.
- É obrigatorio a desinfección do espazo ocupado no vestiario e da taquilla utilizada despois do seu uso. Para iso establecece un punto de desinfección onde os usuarios/as terán á súa disposición todo o necesario para levar a cabo a desinfección.

NORMAS ESPECÍFICAS PARA USUARIOS/AS DA CAFETERÍA:

En canto ao uso da cafetería estarase ao disposto no artigo 3.22 do anexo 1 da orde do 25 de xuño de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

4- MEDIDAS DE CONTROL DE USUARIOS E INCIDENCIAS

O persoal do centro levará un rexistro diario de todas as persoas que acceden á instalacións

5- COMUNICACIÓN E SEGUIMIENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19

No caso de que algún usuario das instalacións deportivas teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao servizo galego de saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade. Neste senso, considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.

En caso de detección dun sospeitoso por COVID-19 no entorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias.

En todo caso, seguirase en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente decreto ao Técnico de deportes e proceder á súa publicación na páxina web municipal.

CSV: 07E50007BEB600T5U9Q4Y3S0





TRASLADO INTERIOR

Decreto : 2021/001133

Id.PI.: SE/tras_decre

”

O que lle comunico para o seu coñecemento e efecto.

MONFORTE DE LEMOS, na data indicada no pe de sinatura dixital

CSV: 07E50007BEB600T5U9Q4Y3S0



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007BEB600T5U9Q4Y3S0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 27/08/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/08/2021 15:58:29

DOCUMENTO: 20210507574

Fecha: 27/08/2021

Hora: 15:58

